

trece edición

Travesía do Xalo

REGULAMENTO

1. A asociación Castelo Deporte organiza, en colaboración co Concello de Culleredo e a Comunidade de Montes Veciñais de Castelo, a décimo terceira edición da Travesía do Xalo

2. DATA E LUGAR

A proba celebrarase o domingo 28 de abril de 2024 no Monte Xalo, con saída e chegada no lugar de Folgueira (parroquia de Castelo), no termo municipal de Culleredo, e en concreto, na súa pista polideportiva.

3. PROBAS

Trátase dun evento deportivo composto por diferentes probas:

- Carreira de 18 quilómetros
- Andaina de 10 quilómetros
- Carreiras infantís de 250 metros, 800 metros e 2 quilómetros

4. COIDADADO DO ENTORNO

A Travesía do Xalo promove os valores de respecto á natureza, favorecendo a conservación do monte, a súa flora e a súa fauna. As e os participantes na proba deberán por esta razón prestar especial atención ao emprego dos contenedores de lixo dispoñibles, evitando deixar calquera tipo de resíduo no monte.

5. CATEGORÍAS

- | | | |
|------------------------------|---|--------|
| • Pequerrechos e prebenxamín | Nados logo do 01/01/2017 | 80 m. |
| • Alevín e benxamín | Nados entre o 01/01/2013 e o 31/12/2016 | 250 m. |
| • Infantil e cadete | Nados entre o 01/01/2009 e o 31/12/2012 | 2 km. |
| • Absoluta | Nados antes do 01/01/2009 | 18 km. |
| • Andaina | | 10 km. |

6. HORARIOS

A Travesía do Xalo consta de cinco distancias, a percorrer polas/os participantes en diferentes momentos da mañá do domingo 28 de abril, segundo o seguinte horario:

- | | |
|----------------------|-------------|
| • Carreira de 18 km. | 9.30 horas |
| • Andaina de 10 km. | 9.45 horas |
| • Carreira de 2 km. | 13.30 horas |
| • Carreira de 250 m. | 13.45 horas |
| • Carreira de 80 m. | 14.00 horas |

7. INSCRICIÓNS E PREZOS

Permanecerán abertas desde o venres 8 de marzo ata o martes 23 de abril de 2023 ás 23.59 horas en www.emesports.es, cos seguintes prezos (os pagamentos realizaranse no momento da inscrición):

trece edición Travesía do Xalo

- Andaina de 10 km 25,00 €
- Carreira de 18 km 25,00 €
- Carreira de 2 km 5,00 €
- Carreira de 250 m 5,00 €
- Carreira de 80 m 5,00 €

As/os tres primeiras/os clasificadas/os na carreira absoluta da pasada edición non pagarán inscrición.

8. LÍMITE DE INSCRICIÓN

Disporanse un total de 250 prazas para a carreira absoluta e de 450 prazas para a andaina.

9. PREMIOS

Entregaranse trofeos ás/aos tres primeiras/os clasificadas/os das categorías masculina e feminina da carreira absoluta, e ás/aos tres primeiras/os clasificadas/os das carreiras de alevín-benxamín, e infantil-cadete, sen distinción de xénero. Todas e todos os participantes nas carreiras de pequerrechos terán unha medalla.

10. DORSAIS E CRONOMETRAXE

A proba absoluta estará cronometrada pola empresa Emesports. Os chips de cronometraxe entregaranse ás e aos participantes xunto co dorsal, e poderanse recoller o día da proba entre as 8.00 e as 9.00 horas na polideportiva de Castelo, así como o día anterior, no mesmo lugar, en horario de 16.30 a 20.30 horas.

11. AVITUALLAMENTOS E SINALIZACIÓN

Para a carreira de 18 km. ubicaranse dous avituallamentos líquidos, un deles tamén sólido. Na andaina haberá un avituallamento sólido e outro líquido. O percorrido estará sinalizado con cinta de balizaxe. Para garantir a seguridade das e dos participantes distribuiranse polo monte máis de cincuenta voluntarias e voluntarios da organización.

12. ABANDONO VOLUNTARIO

Agás en caso de accidente, só será posible abandonar nun punto de avituallamento marcado como tal. Prohíbese abandonar a proba sen avisar previamente á organización.

13. ABANDONO OBRIGATORIO

A organización poderá deter en calquera momento a un/ha corredor/a ou obrigarlle a abandonar a proba se considera que o seu estado pon en perigo a súa integridade física, a súa seguridade, ou a do resto de participantes.

14. AGASALLOS

Cada participante na carreira absoluta e na andaina recibirá unha camiseta e un ticket para xantar na churrascada popular que se celebrará na polideportiva de Castelo ao remate das probas deportivas.

trece edición Travesía do Xalo

15. SERVICIOS

Ademais de contar cos servizos dunha ambulancia medicalizada presente na zona de meta, os participantes estarán cubertos polo correspondente seguro de accidentes da proba. Instalaranse duchas portátiles, a disposición das e dos participantes.

16. RECLAMACIÓNS

As reclamacións aos resultados oficiais deberán formularse verbalmente ao persoal de Emesports nas dúas seguintes ao remate da proba, ou por escrito no correo electrónico travesiadoxalo@castelodeporte.gal nas vinte e catro horas posteriores ao remate da proba.

17. DEREITOS DE IMAXE

As e os participantes, coa súa inscrición, autorizan á organización e aos seus patrocinadores a empregar e publicar libremente calquera fotografía ou vídeo gravado no contexto da proba.

18. DESCALIFICACIÓN

Serán motivos de descalificación:

- Atallar ou percorrer conscientemente tramos do percorrido diferentes ao oficial
- Tirar no monte lixo de calquera tipo
- Non asistir a outra/o participante en dificultades
- Non pasar polos avituallamentos ou puntos de control

19. SUSPENSIÓN

No caso de que polas condicións meteorolóxicas non fora posible que a proba dera comezo, a organización resérvase o dereito de suspendela, neutralizala ou modificar o seu horario, o percorrido e os avituallamentos. Neste caso non se devolverá o importe da inscrición. No caso de suspensión da proba por causas de forza maior e cunha antelación de máis de sete días en relación á data da mesma, realizarase un reembolso parcial da inscrición, fixado en función dos gastos non recuperables pola organización.

20. ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

A inscrición das e dos participantes está condicionada á aceptación do presente regulamento.

21. MÁIS INFORMACIÓN

Nas web www.castelodeporte.gal e nas redes sociais da Asociación Castelo Deporte publicarase toda a información de interese sobre a proba. No correo electrónico travesiadoxalo@castelodeporte.gal e no teléfono 689 882 972 proporcionarase información adicional ás e aos participantes.